

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

## PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



**ÍNDICE**

<b>1. INTRODUCCIÓN. MARCO LEGAL</b>	4
<b>2. CONTEXTO</b>	5
<b>3. O ALUMNADO OBXECTO DE NECESIDADES ESPECÍFICAS</b>	6
<b>4. OBXECTIVOS</b>	7
<b>5. PROTOCOLOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	8
5.1 TRASTORNO DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE	9
5.2 DISLEXIA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE	11
5.3 TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA	13
5.4 DISCAPACIDADE AUDITIVA	17
5.5 IDENTIDADE DE XÉNERO	18
5.6 ALTAS CAPACIDADES	21
5.7 ALUMNADO SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL	23
<b>6. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	27
6.1 MEDIDAS ORDINARIAS DE CARCÁTER PREVENTIVO	27
6.2 MEDIDAS ORDINARIAS DE CARCÁTER CURRICULAR E/OU ORGANIZATIVO	27
6.3 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	29
<b>7. CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS</b>	30
7.1 REFORZO EDUCATIVO	30
7.2 APOIO DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	30
7.3 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES	31
7.4 PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO	31
7.5 FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	32
7.6 EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA	32
7.7 ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA E/OU HOSPITALARIA	33

<b>8. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.</b>	34
8.1 REFORZO EDUCATIVO	34
8.2 APOIO DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	34
8.3 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES	35
8.4 ADAPTACIÓNS CURRICULARES INDIVIDUAIS	35
8.5 PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO	36
8.6 DERIVACIÓN A UN PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	36
8.7 EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA	37
8.8 ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA E/OU HOSPITALARIA	37
8.9 FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN	38
<b>9. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS IMPLICADOS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	39
9.1 PROFESORADO TITOR E PROFESORADO DA AULA ORDINARIA	40
9.2 PROFESORADO DE REFORZO EDUCATIVO	40
9.3 PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	41
9.4 O ORIENTADOR	41
9.5 O EQUIPO DIRECTIVO	42
<b>10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN</b>	42
10.1 COLABORACIÓNS E COORDINACIÓNS INTERNAS	43
10.2 COLABORACIÓNS E COORDINACIÓNS CO CENTRO ADSCRITO, CON OUTRAS INSTITUCIÓN, FAMILIAS E EOE	43
<b>11. CANLE DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORAS/ES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO</b>	44
<b>12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN</b>	45

## 1. INTRODUCCIÓN. MARCO LEGAL.

Á hora de redactar este Plan Xeral de Atención á Diversidade tívose en conta o seguinte marco legal:

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de 2006, de Educación (BOE, 4/05/2006).
- Lei 4/2011, do 30 de xullo, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15/07/2011).
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo. Artº. 13: Atención á diversidade: ESO. - Circular 8/2009 .da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG, 27/04/98).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG, 31/07/98).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio , de educación.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional

básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

- Resolución do 27 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións no curso 2015/16 para a implantación do currículo na educación secundaria obrigatoria ap. 6 regula os Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR).

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PAD) é un documento institucional que desenvolve as medidas xerais de atención á diversidade, concretando as actuacións dos distintos profesionais, os mecanismos de colaboración e coordinación internos, cos centros adscritos, coas familias do alumnado e cos servizos externos ao centro, así como as actuacións para a súa avaliación e seguimento.

O PAD será o instrumento que guíe a planificación e concreción anual das medidas educativas de atención á diversidade en función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles no marco da Programación Xeral Anual. A súa elaboración correspóndelle ao departamento de orientación en función das directrices marcadas pola CCP e a normativa vixente.

A súa avaliación e seguimento corresponde ao equipo directivo coa colaboración dos implicados. O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe ser informado polo claustro e aprobado polo consello escolar. Tendo en conta a lexislación vixente, o Sistema Educativo disporá dos recursos necesarios para que o alumnado con “necesidades educativas especiais” poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos. Isto implica que os centros deberán contar coa debida organización escolar e realizar as adaptacións e axustes que se consideren oportunos para levar a cabo este principio.

En definitiva, concíbese a atención á diversidade, tal e como se recolle no xa mencionado Decreto 229/2011, como: *“O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”*.

## 2. CONTEXTO

O IES Cabo Ortegal está situado na vila costeira de Cariño ao norte da provincia da Coruña. O alumnado provén na súa maior parte do pobo e arredores. As comunicacións cos principais núcleos non son nada doadas, o que produce un certo sentimento de illamento na poboación.

Os recursos cos que podemos contar, son:

- Centro de Saúde.
- Servizos sociais, educadora familiar.

- Coordinación co CEIP “Manuel Fraga Iribarne”
- E todos os recursos propios do pobo.

É necesario destacar tamén que dada negativa situación socioeconómica fai que aumenten as necesidades.

### 3. O ALUMNADO OBXECTO DE NECESIDADES ESPECÍFICAS

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, concibe maior relevancia nos casos daquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo tales como:

- **Necesidades educativas especiais:** Alumnado que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- **Dificultades específicas de aprendizaxe:** alumnado no que o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.
- **Altas capacidades intelectuais:** alumnado que manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente e de maneira excepcional no manexo dun ou varios destes recursos.
- **Incorporación tardía ó sistema educativo:** A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.
- **Unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables:** un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos

motivos mencionados.

A atención deste alumnado deberá axustarse, entre outros, aos principios de:

- Normalización e inclusión.
- Equidade.
- Igualdade de oportunidades e de non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros docentes.
- Participación de toda a comunidade educativa.

Cabe destacar que no noso centro unha grande parte das necesidades urxentes atópase nos primeiros cursos de educación secundaria obrigatoria (primeiro e segundo) no que centraremos accións preferentes.

#### 4. OBXECTIVOS

Tal e como indicamos anteriormente, o obxectivo educativo na atención á diversidade do alumnado é conseguir que acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, o que require unha adaptación da educación ás súas singularidades, que lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios.

Consideramos a diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade, polo que contemplamos, ademais das diversidades recollidas na normativa especificamente educativa, outras diversidades peculiares ás que damos resposta tamén dende o centros educativos (minorías, diversidade cultural,...).

Ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación algunha á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferencias individuais entre o alumnado.

Concretamente, o noso centro terá como obxectivos principais:

- Detectar o antes posible as necesidades educativas especiais do alumnado e establecer un diagnóstico e intervención axeitados.
- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Facilitar a integración/inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tanto a nivel de grupo-clase como a nivel de centro.

- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción tutorial e orientadora por parte de todo o profesorado, asesorándoo de cara á atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Manter reunións periódicas cos pais/nais do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de cara ao intercambio de información sobre o mesmo, e promovendo a implicación das familias no proceso educativo.
- Promover a adopción de medidas que favorezan a acollida e a inserción do alumnado inmigrante (Plan de acollida que figura no Plan de Convivencia) e daquel que se atope nunha situación de risco de abandono escolar.

## 5. PROTOCOLOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Todos os protocolos que a continuación se mencionan atópanse desenvolvidos pola Consellería de Educación e pódense consultar na páxina web da Xunta, e na páxina web do IES Cabo Ortegal.

Nos seguintes apartados pretendemos dar unha visión resumida e unhas breves pautas que poidan servir de guía á hora de atender á diversidade deste tipo de alumnado.

En calquera destes protocolos, cando sexa necesaria a avaliación psicopedagóxica dun/dunha alumno alumna, deberán seguirse as seguintes pautas:

- 1º) **Demanda**, que consiste no proceso polo que, ben a familia, ben o profesorado (canalizada a través do profesorado titor), solicita a intervención da xefatura do departamento de orientación. Esta demanda realizarase por escrito, concretando o motivo e achegando a información que se especifique no modelo de solicitude, para o cal empregárase o *ANEXO “Solicitude avaliación psicopedagóxica”*.
- 2º) **Desenvolvemento da propia avaliación psicopedagóxica**, que, como se indicou, é competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación e nela pode colaborar, de considerarse necesario, o equipo de orientación específica.
- 3º) **Redacción do informe psicopedagóxico**. A información que se necesita nese proceso pode obterse mediante as seguintes estratexias ou procedementos: Revisión do expediente do alumno ou da alumna – Entrevistas coa familia, profesorado titor, equipo docente, co propio alumno/a... – Análise das producións escolares – Observación directa da alumna ou do alumno – Información do profesorado sobre a competencia curricular en cada unha das áreas



e/ou materias – Probas estandarizadas e/ou escalas.

- 4º) **Información sobre as conclusións.** O Orientador/a informará sobre as conclusións obtidas ao equipo docente, alumno/a e familia (con copia do informe psicopedagóxico no caso de pedilo).

## 5.1 TRASTORNO DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE

O trastorno por déficit de atención e hiperactividade é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia.

- A desatención obsérvase na existencia de comportamentos como a dificultade para manter a concentración nas tarefas, a falta de perseveranza durante a súa realización e a desorganización.
- A hiperactividade refírese ao exceso de mobilidade e á inquietude constante (nas persoas adolescentes e adultas afectadas por TDAH só permanece, habitualmente e de maneira interna, a inquietude).
- E a impulsividade ten que ver coas actuacións sen pensar nas consecuencias, coa procura da recompensa inmediata, así como a dificultade para agardar polos beneficios que se demoran no tempo.

No entorno escolar, a orixe da sospeita de que unha alumna ou un alumno poida presentar TDAH pode proceder de diferentes fontes: da familia, do profesorado titor, doutro profesorado, e tamén do propio orientador/a ante a presenza de dificultades na súa marcha escolar. Cando isto sucede faise necesaria a intervención do noso Orientador, precedida dunha solicitude escrita procedente dos ámbitos escolar ou familiar, segundo o modelo “*ANEXO Solicitude intervención protocolo TDAH*”, na cal se indicara cales foron os motivos de alarma, cando se produciron, medidas xa adoptadas, acompañando este anexo de autorización escrita da familia para dita intervención.

Unha vez recibida a solicitude, o Orientador realizará a correspondente avaliación psicopedagóxica, podendo contar, se así o solicitase, coa intervención do Equipo de Orientación Específica.

As medidas que dende o Departamento de Orientación se recomendan á hora de traballar con este tipo de alumnado serán as seguintes:

<b>NO QUE RESPECTA Á AULA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumno/a estará situado na parte dianteira da clase, cerca da mesa do profesor. É importante ter proximidade física co rapaz.</li> <li>- Estar sempre pendente de que atende ás explicacións.</li> <li>- Tentar que enriba da mesa só estean os materiais necesarios, os cales os deberá recoller ao finalizar a clase.</li> </ul>

- Manter un ambiente motivador cara o alumno, controlando sempre o ambiente de clase evitando distraccións.

#### **NO QUE RESPECTA AO CURRÍCULO**

- Tentar dar as explicación dunha en unha, procurando captar a atención do alumno.
- Tentar que o alumno participe nas dinámicas da clase.
- Se o profesorado da materia o considera oportuno, e a dispoñibilidade horaria o permite, recibirá algunhas horas de apoio educativo por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica do centro.

#### **NO QUE RESPECTA ÁS ACTIVIDADES NA CLASE**

- Alternaranse actividades teóricas con traballo práctico.
- Non se lle proporán actividades moi longas nin gran cantidade delas. Tentarase variar as mesmas.
- Supervisar as actividades e reforzar positivamente o seu traballo cando sexa necesario.
- Cando se formen grupos de traballo, tentarase xuntar ao alumno con compañeiros que lle poidan axudar a comprender mellor as tarefas a realizar.

#### **NO QUE RESPECTA ÁS ACTIVIDADES NA CASA**

- As actividades serán máis reducidas, tentando na medida do posible fragmentalas.
- Non se lle sobrecargará de tarefas procurando seleccionar aquelas que sexan máis importantes.
- Os exercicios serán supervisados asegurándose de que entendeu aquilo que non conseguiu facer.

#### **NO QUE RESPECTA ÁS PROBAS ESCRITAS**

- Os exames escritos non serán moi longos e presentarán preguntas breves e claras.
- Se se observa que deixa preguntas en branco tentar completalas de forma oral co propio alumno.
- Se fose necesario deixaráselle máis tempo para os exames e, cando o profesor o estime oportuno polo tipo de proba, dividiranse en dúas sesións sendo flexibles na súa duración.
- Deixarase suficiente espazo entre as preguntas.
- Solicitalle que revise o exame antes de entregalo.
- Permitiráselle recuperar durante a avaliación aqueles exames que ten suspensos.

#### **NO QUE RESPECTA Á AXENDA**

- Trátase dun instrumento moi útil e polo tanto será supervisado diariamente polo profesorado e polas familias.

- Utilizarase tamén para mencionar tanto os aspectos positivos como aqueles que hai que mellorar.
- Nela virán reflectidos tanto as tarefas diarias, como os libros de lectura e os exames que ten que realizar ao longo do curso.

#### **OUTRAS MEDIDAS**

- O Titor, coa axuda do Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos, realizará un seguimento mensual dos progresos e dificultades do alumno. Para tal fin, o profesorado cubrirá a folla de seguimento especificando claramente distintos aspectos como: atención, traballo na aula, traballo na clase, probas escritas, traballos entregados e aspectos sociais salientables.
- Co fin de poder comunicar as conclusións do punto anterior, manteranse entrevistas regulares coa familia para intercambiar información sobre os progresos tanto sociais como académicos, e para poder tratar as dificultades atopadas.

### **5.2 DISLEXIA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE**

A dislexia é un trastorno de aprendizaxe que se caracteriza por unha dificultade significativa na aprendizaxe da lectura e da escritura en ausencia de alteracións neurolóxicas e/ou sensoriais que o xustificuen.

Este protocolo abarca tamén outras dificultades da aprendizaxe (dificultades lectoras, disortografía, disgrafía, dificultades matemáticas...)

De igual forma que se indicou no apartado anterior, no caso de detectarse poderá solicitarse por parte do profesorado unha intervención do Orientador do centro cubrindo o modelo “*ANEXO Solicitud intervención protocolo Dislexia e/ou outras dificultades da aprendizaxe*”, na cal se indicará cales foron os motivos que orixinan a sospeita, cando se produciron, medidas xa adoptadas, acompañando este anexo de autorización escrita na familia para dita intervención.

Unha vez recibida a solicitude, o Orientador realizará a correspondente avaliación psicopedagóxica, podendo contar, se así o solicitase, coa intervención do Equipo de Orientación Específica.

As medidas que dende o Departamento de Orientación se recomendan á hora de traballar con este tipo de alumnado serán as seguintes:

#### **NO QUE RESPECTA Á AULA**

- Facer saber ao alumno/a que nos interesamos por el/ela e que desexamos axudarlle. El/ela seguramente se sentirá inseguro/a e preocupado/a por as reaccións que poida ter o profesorado.

- Facilitarlle unha atención individualizada sempre que sexa posible. Que saiba que pode preguntar sobre o que non comprende, colocando ao estudante **preto do profesor**, lonxe dos ruídos, materiais ou obxectos que lle poidan distraer.
- **Facer observacións positivas** sobre o seu traballo, sen deixar de sinalar aquilo no que necesita mellorar e está máis ao seu alcance. Hai que eloxialos/as e alentalos/as sempre que sexa posible.
- Ser consciente da necesidade que ten de que se desenvolva a súa **autoestima**. Hai que darlles oportunidades de que fagan achegas á clase. Evitaremos compararlo con outros alumnos en termos negativos. Non facer xamais chistes sobre as súas dificultades. **Non facerlle ler en voz alta** en público contra a súa vontade.

### NO QUE RESPECTA AO CURRÍCULO

- **Repetir máis dunha vez** a información nova, debido ao seu problema de distracción, memoria a curto prazo e ás veces escasa capacidade de atención.
- Pode requirir **máis práctica** que un estudante normal para dominar unha nova técnica.
- Necesitará **axuda para relacionar os conceptos** novos coa experiencia previa.
- Darlle **tempo** para organizar os seus pensamentos e para terminar o seu traballo. Se non hai presións de tempo estará menos nervioso/a e en mellores condicións para mostrar os seus coñecementos. En especial para copiar e/ou tomar apuntamentos.
- Alguén pode **axudarlle léndolle o material** de estudo e en especial os exames. Moitos disléxicos compensan os primeiros anos polo esforzo duns pais pacientes e comprensivos en lerlles e repasarlles as leccións oralmente. Se le para obter información ou para practicar, ten que facelo en libros que estean ao nivel da súa aptitude lectora en cada momento. Ten unha dificultade tan real como un neno cego, do que non se espera que obteña información dun texto escrito normal. Algúns nenos poden ler unha pasaxe correctamente en voz alta, e aínda así non comprender o significado do texto.
- Proporcionar unha **copia dos apuntamentos** (de selo caso) da lección para que poida tomar notas durante as explicacións.
- Usar **tamaños de fonte máis grandes** e aumentar o espaciamento de seccións.
- Combinar a información **verbal e visual** á vez.
- Escribir os **puntos crave** ou palabras na pizarra antes da explicación.
- Utilizar **explicacións mnemónicas**.

### NO QUE RESPECTA ÁS ACTIVIDADES NA CLASE

- Asegurarse de que **entende as tarefas**, pois a miúdo non as comprenderá. Pode ser

<p>recomendable dividir as leccións en partes e comprobar, paso a paso, que as comprende. Un pode comprender moi ben as instrucións verbais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ter en conta que lle levará máis tempo facer as <b>tarefas para a casa</b> que aos demais alumnos/as da clase. Cánsase máis que os demais. Procurarlle un <b>traballo máis lixeiro</b> e máis breve. Non aumentar a súa frustración e rexeitamento.</li> </ul>
<b>NO QUE RESPECTA Á AVALIACIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Evitar a corrección sistemática de todos os erros na súa escritura.</b> Facerlle notar só aqueles sobre os que se está traballando en cada momento.</li> <li>- Se é posible <b>facerlle exames orais</b>, evitando as dificultades que lle supón a súa mala lectura, escritura e capacidade organizativa.</li> <li>- Hai que considerar a posibilidade, de avalialo/a <b>con respecto aos seus propios esforzos e logros</b>, no canto de avalialo respecto dos outros alumnos da clase. (É a mesma filosofía das adaptacións curriculares).</li> </ul>
<b>OUTRAS MEDIDAS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Permitirlle aprender da maneira que lle sexa posible, cos <b>instrumentos alternativos á lectura e escritura</b> que estean ao noso alcance: calculadoras, magnetófonos, tabletas, lectores electrónicos, dicionarios, ortografía, texto para os programas de voz, audio libros, é mais, poden ser ferramentas moi útiles.</li> </ul>

### 5.3 TRASTORNO ESPECTRO AUTISTA

O Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) é un trastorno do neurodesenvolvemento, que ten como características principais, a deterioración persistente da comunicación social recíproca e da interacción social, e patróns de conduta, intereses ou actividades restritivos e repetitivos.

A escola é un dos espazos onde as nenas e os nenos pasan unha parte importante do seu tempo diario, onde conviven e comparten xogos e aprendizaxes, onde se socializan e experimentan un notable desenvolvemento madurativo e onde poden manifestarse indicios de desaxustes en determinados ámbitos. Aos indicios deses posibles desaxustes debe estar moi atento o profesorado.

No ANEXO I do protocolo da Consellería inclúense tres instrumentos (indicadores e signos de alerta para a detección do alumnado con TEA) que poden ser de grande axuda para detectar os casos de TEA nas etapas educativas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Ao igual que ocorre nos apartados anteriores, a primeira sospeita de que un neno ou unha nena poida presentar TEA pode proceder de distintas fontes: da familia, dos servizos sanitarios, dos servizos educativos...

De novo, a intervención do xefe/a do departamento de Orientación comezará coa chegada da solicitude de intervención, que pode proceder da familia, do profesorado titor ou ben tratarse dunha iniciativa do propio Orientador (de oficio). Así mesmo, a intervención da xefa ou do xefe do departamento de orientación pode deberse á existencia dunha solicitude de ditame de escolarización. En todo caso, a familia deberá estar sempre informada do inicio deste procedemento.

Unha vez recibida a solicitude de intervención (“ANEXO Solicitude intervención protocolo TEA”), as conclusións da avaliación psicopedagóxica deben trasladarse ao informe psicopedagóxico, onde se concretarán as propostas de apoio e as orientacións para o centro, o profesorado e a familia. Así mesmo, deberán figurar aquelas axudas e/ou recursos que un alumno ou unha alumna precise para o seu desenvolvemento. Se así se solicitase, poderase contar coa intervención do Equipo de Orientación Específica.

A totalidade do profesorado, tanto o profesorado titor coma o resto do equipo docente, debe partir dun bo coñecemento da realidade do alumno ou da alumna con TEA e das orientacións que figuran no seu informe psicopedagóxico para deseñar unha intervención educativa orientada á promoción das aprendizaxes necesarias para a comunicación, a interacción social e o desenvolvemento curricular.

As medidas que dende o Departamento de Orientación se recomendan á hora de traballar con este tipo de alumnado serán as seguintes:

#### **NO QUE RESPECTA Á AULA**

- A oferta dun ambiente moi estruturado, predicible e fixo, onde o neno ou a nena saiba en todo momento o que vai acontecer.
- A súa colocación na aula debe ser preto das fontes de información (da persoa docente, do encerado, etc.), tratando de evitar posibles elementos de distracción.
- O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
- A utilización dunha linguaxe clara, precisa (de poucas palabras) e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías. As bromas deberán ser traballadas previamente.
- Controlar o volume do ton de voz e a expresión facial do profesorado, dirixíndose ao alumnado de forma individual.

#### **NO QUE RESPECTA AO CURRÍCULO**

- O uso dun horario individual onde figuren, de forma visual, a área ou materia e quen a imparte.
- O uso de explicacións adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento e estratexias de encadeamento cara atrás (apoio total ao principio e ir retirando os apoios paulatinamente).
- O reforzamento do bo desenvolvemento dos “puntos fortes” do alumnado con TEA, xa que fomentan a mellora da autoestima e a consideración por parte do profesorado e dos compañeiros e das compañeiras.
- A axuda permanente de elementos visuais comprensibles, recomendándose o uso do mesmo sistema pictográfico en todos os ámbitos onde se desenvolve o neno ou nena.
- A utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro, motivadoras e que eviten a dependencia excesiva.
- O uso de esquemas e mapas conceptuais como apoio ás explicacións, resaltando o relevante.

#### **NO QUE RESPECTA ÁS ACTIVIDADES**

- A eliminación da hiperestimulación visual (excesos de debuxos, mapas, etc.), evitando que poida actuar como elemento de distracción.
- A distribución do espazo en diferentes zonas, onde estea clara a actividade que se desenvolve en cada unha e os materiais que se utilizan. Se fose preciso, crearase un espazo libre de distraccións para realizar as tarefas.
- A descomposición das actividades en pequenos ítems, con uso de apoios visuais que informen dos pasos que cómpre dar para realizar a tarefa.
- Empregar diferentes tipos de agrupamentos: por parellas, pequeno grupo, etc., e combinalos con outros momentos de traballo individual.
- Reducir o nivel de complexidade das actividades, e que teñan un principio e un fin claros.
- Flexibilizar o tempo do que se dispón para realizar as actividades.
- Reforzar os pasos intermedios de realización, dividindo as tarefas en partes máis pequenas.

#### **NO QUE RESPECTA Á AVALIACIÓN**

- A avaliación debe servir para obter información acerca do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e, de ser o caso, como mellorar as actuacións profesionais da ensinanza ante as necesidades do alumnado.
- Centrarase nos aspectos positivos, resaltando aquilo que o alumno ou a alumna é capaz

de facer ou foi adquirindo, por pequeno que sexa, sen centrarse exclusivamente nas súas dificultades.

- Incidirase especialmente, dado o seu carácter vehicular para lograr outras aprendizaxes e pola súa incidencia na evolución do alumnado: a comunicación e a interacción social.
- Realizar tarefas ou exames curtos e concretos, permitíndolle ao alumnado realizalas, de ser necesario, en máis dunha sesión.
- Establecer os exames con preguntas pechadas (verdadeiro/falso, opción múltiple), de completar ou de resposta curta, e empregar preguntas con enunciados curtos, precisos e claros, separando debidamente unhas preguntas doutras.

#### **NO QUE RESPECTA Á AXENDA**

- E moi útil e recomendable o rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.

#### **OUTRAS MEDIDAS**

- Enténdese que o tratamento educativo dun alumno ou dunha alumna con TEA afecta a todo o centro, de aí que toda a estrutura organizativa debe considerar todo o que favorece o desenvolvemento e funcionamento autónomo dese alumnado. Polo tanto, na identificación dos distintos espazos, na distribución dos tempos, na exposición das normas, etc. deben usar claves visuais (pictogramas e recursos tecnolóxicos) que sitúen a este alumnado no espazo e no tempo, que representen a realidade e lle anticipen o que vai ocorrer.
- Será convinte contar con persoal de apoio nos momentos que o precise.
- A estruturación e a organización dos distintos momentos (clases, recreos, comedor, entradas e saídas, transporte, etc.), procurando: Anticiparse, explicándolle o que terá que facer, quen estará, onde, canto vai durar - Organizar os recreos, combinando momentos para o xogo con outros compañeiros e compañeiras con outros momentos centrados nos seus intereses - Informar, previo consentimento familiar, a todo o persoal (da cafetería, transporte, recreo, etc.) das súas características e necesidades.



## 5.4 DISCAPACIDADE AUDITIVA

---

A discapacidade auditiva defínese como a dificultade que presentan algunhas persoas para participar en actividades propias da vida cotiá, que xorde como consecuencia da interacción entre unha dificultade específica para percibir os sons a través da audición e as barreiras presentes no contexto no que se desenvolve a persoa.

O grao de perda auditiva mídese en decibelios (dB) e, segundo isto, podemos clasificar a audición como normal ou con perda. No protocolo da Consellería pódese consultar a táboa da páxina 8 na que se amosan os distintos graos de perda auditiva.

Nos ámbitos escolar e familiar é onde con máis facilidade se poden detectar manifestacións do comportamento dos nenos e das nenas que nos indiquen unha posible perda auditiva. Dada a importancia que ten a súa detección temperá, na páxina 31 do protocolo relaciónanse unha serie de indicadores que poden servir de axuda á hora de detectar unha posible perda da audición.

O ensino da maioría de contidos e a participación na dinámica de aula requiren de adaptacións metodolóxicas e organizativas. É necesario axudar ao alumnado con discapacidade auditiva a recibir e a comprender a información que se produce na aula e a favorecer e inducir a súa expresión e participación. En función da ganancia auditiva que ofrezca a axuda protésica e da competencia lingüística, seleccionáronse as estratexias máis adecuadas a cada alumno e a cada alumna tales como:

- Procurar ter sempre unha sonoridade e iluminación o máis adecuada posible, tendo en conta que a luz natural débelle dar de costas ao alumnado para ver á persoa que fala.
- Buscar a localización idónea do alumnado con respecto ao seu profesor ou á profesora e aos seus compañeiros ou compañeiras de xeito que vexa ben ao profesorado e aos compañeiros e compañeiras, para que poida decatarse do que din e participar da conversa. Pode ser necesario, por tanto, repensar a distribución da aula.
- Falar de fronte e ter o alumno ou a alumna preto cando se fala ou se explica ao grupo.
- Falar cunha articulación clara, nun ton que non sexa baixo e evitar facelo con rapidez ou demasiado lento ou sobrearticulado. Enfatizar a entoación.
- Non obstaculizar a labiolectura evitando bloquear a visión da boca coas mans, bolígrafos ou con bigote ou barba moi pechada.
- Tentar reducir o ruído ambiental e tamén procurar o máximo silencio posible antes de iniciar calquera explicación, asegurándonos tamén a atención do alumno ou da alumna.
- Apoiar o contido das explicacións ou dos relatos co maior apoio visual posible.
- Realizar esquemas no encerado para que poida seguir mellor as explicacións.
- Dirixirse ao alumnado para repetir ou transmitir determinadas instrucións ou explicacións

individuais, especialmente cando se comproba que non entendeu correctamente.

- Asegurar o seguimento das conversas de grupo.
- Facilitar a participación activa en actividades en pequeno grupo, en currunchos de traballo, nos que se poden desenvolver actividades de acción ou de atención conxunta.
- Utilizar vídeos, imaxes e outros materiais visuais.
- Graduar en pasos máis curtos ou darlle máis axudas en aquelas actividades que resulten máis complexas para os alumnos e as alumnas.
- O alumno ou a alumna con discapacidade auditiva non pode escoitar e escribir ou executar varias tarefas ao mesmo tempo. Convén ter isto presente cando unha explicación vaia acompañada dunha demostración ou consulta de textos, mapas... e deberase seguir esta secuencia: visualización da imaxe, explicación e nova visualización da imaxe.
- Adaptar, se é preciso, os tempos para a execución das tarefas.
- Determinar os procedementos e instrumentos máis idóneos para avaliar ao alumnado.
- Fomentar as relacións positivas entre alumnado oínte e alumnado con discapacidade auditiva, tanto dentro coma fóra da aula e do centro.

## 5.5 IDENTIDADE DE XÉNERO

---

Toda persoa é clasificada no momento do nacemento como home ou muller o cal, nas persoas transexuais, xera un conflito ao estar clasificadas dentro dun sexo que non perciben como propio.

Levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- **COMUNICACIÓN DO/A ALUMNO/A SE A FAMILIA É COÑECEDORA DA SITUACIÓN:** Cando un alumno ou unha alumna, ou os seus representantes legais, no caso de menores de idade non legalmente emancipados, manifesten mediante comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo. Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

Nun primeiro momento o Departamento de Orientación facilitará información daqueles recursos sociais e sanitarios que están ao seu dispor, no caso de que a familia ou a persoa interesada precisen apoio ou axuda neste ámbito. Así mesmo realizará, co consentimento da familia nos casos pertinentes, o proceso de avaliación psicopedagóxica mediante o cal

poderán detectar as posibles necesidades educativas, que plasmará no correspondente informe psicopedagóxico. Este informe recollerá as orientacións de atención á diversidade axeitadas (dirixidas tanto ao/á alumno/a como aos restantes membros da comunidade educativa).

- **COMUNICACIÓN DO/A ALUMNO/A SE A FAMILIA NON É COÑECEDORA DA SITUACIÓN:** Cando un/unha alumno/a menor de idade e non emancipado/a comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia ou representantes legais, o centro educativo facilitaralle a dito alumno/a o seu apoio e mediación na comunicación coa familia (ou representantes legais), así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.
- **COMUNICACIÓN POR PARTE DUN DOCENTE:** Se calquera membro do persoal docente observa nun/ha alumno/a, manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, debe informar á dirección do centro. A dirección, conxuntamente co titor ou titora, e co apoio do departamento de orientación, establecerá unha xuntanza cos representantes legais do ou da menor que abordará a situación percibida, poñéndose a disposición das familias para a achega de toda a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.

Unha vez realizado o informe psicopedagóxico, volverase a convocar á familia a unha nova reunión para establecer as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor.

Se algún dos representantes legais do menor non emancipado se opuxese á adopción das medidas anteriores, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ao interese superior do menor.

- Unha vez establecidas as medidas anteriormente indicadas, daráselles traslado das mesmas do seguinte xeito:
  - 1º) A persoa titora trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
  - 2º) En reunión de claustro comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten ao total de docentes do centro.
  - 3º) A secretaría do centro, por delegación da dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.
- Cando na actitude da familia, ou representantes legais, ou dalgún membro da comunidade escolar, se detecten claramente indicadores de maltrato cara a identidade de xénero do/a

menor, activaranse as actuacións previstas con carácter no Plan de Convivencia e nas NOF e, no seu caso, no protocolo de atención ao maltrato infantil.

### **RECOMENDACIÓNS EDUCATIVAS E ORGANIZATIVAS**

- De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno ou a alumna se sente identificado.
- A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a tutoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a (ou representantes legais). Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.
- Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado cando existan unicamente espazos diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.
- Garantirase o seu dereito a elixir a propia imaxe, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio.
- Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- En todo o proceso actuarase de acordo co dereito á privacidade e honra do estudantado e de todos os membros da comunidade educativa.
- Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme ao sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobrevenir, estarase ao acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.
- Realizaranse actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado.
- Prestarase especial atención a todas aquelas medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.

## 5.6 ALTAS CAPACIDADES

---

Pódese considerar que as altas capacidades intelectuais son un feito diferencial que supón a presenza dun potencial elevado nalgunha área ou nalgunhas áreas do desempeño humano en comparación cun grupo de referencia.

Terá así consideración de alumno/a de altas capacidades aquel que presente:

- Unha capacidade intelectual superior.
- Un alto nivel de creatividade.
- Persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

Agora ben, compre diferenciar entre precocidade, talento e superdotación.

- Precocidade: Fálase de precocidade intelectual cando as habilidades ou capacidades se adquiren antes do esperado, seguindo criterios cronolóxicos.
- Talento: Refírese a aqueles nenos e nenas que amosan unha alta capacidade para unha ou varias áreas concretas do coñecemento e/ou habilidades excepcionais, pero non en todas.
- Superdotación: Implica un perfil cognitivo superior e homoxéneo, cun elevado dominio en todas as áreas de coñecemento ou habilidades.

As altas capacidades intelectuais dun alumno ou dunha alumna deberán acreditarse mediante a súa avaliación psicopedagóxica, e o procedemento que debe levarse a cabo será o seguinte:

- 5º) **Demanda**, que consiste no proceso polo que, ben a familia, ben o profesorado (canalizada a través do profesorado titor), solicita a intervención da xefatura do departamento de orientación. Esta demanda realizarase por escrito, concretando o motivo e achegando a información que se especifique no modelo de solicitude, para o cal empregarase o ANEXO II do protocolo da Consellería que figura na páxina 86.
- 6º) **Desenvolvemento da propia avaliación psicopedagóxica**, que, como se indicou, é competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación e nela pode colaborar, de considerarse necesario, o equipo de orientación específica.
- 7º) **Redacción do informe psicopedagóxico**. A información que se necesita nese proceso pode obterse mediante as seguintes estratexias ou procedementos: Revisión do expediente do alumno ou da alumna – Entrevistas coa familia, profesorado titor, equipo docente, co propio alumno/a... – Análise das producións escolares – Observación directa da alumna ou do alumno – Información do profesorado sobre a competencia curricular en cada unha das áreas e/ou materias – Probas estandarizadas e/ou escalas.
- 8º) **Información sobre as conclusións**. O Orientador/a informará sobre as conclusións obtidas ao equipo docente, alumno/a e familia (con copia do informe psicopedagóxico no caso de pedilo).

Tentarase sensibilizar ao profesorado respecto ás medidas de atención á diversidade para o alumnado con altas capacidades intelectuais, sendo estas as que se recomentan dende o Departamento de Orientación:

<b>NO QUE RESPECTA Á AULA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Potenciar o diálogo e a comunicación, dedicando tempo na aula á reflexión oral -grupal e individual-, a facer preguntas, a formular hipóteses, etc.</li> <li>- Reforzar a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora, valorando positivamente o seu esforzo e recoñecéndoo expresamente.</li> <li>- Posibilitar o acceso do alumnado a múltiples materiais e fontes de información para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese, e que lle ensine a planificar o seu traballo.</li> </ul>
<b>NO QUE RESPECTA AO CURRÍCULO</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Impulsar proxectos que potencien a creatividade e induza situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade, fluidez e flexibilidade, obtendo múltiples solucións.</li> <li>- Adecuar as programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.</li> <li>- Se así se considerase necesario, poderíase levar a cabo un programa de enriquecemento curricular.</li> </ul>
<b>NO QUE RESPECTA ÁS ACTIVIDADES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Compaxinar actividades propostas polo equipo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas.</li> <li>- Facilitar experiencias que favorezan a abordaxe de retos intelectuais complexos.</li> </ul>
<b>NO QUE RESPECTA Á AVALIACIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contribuír a que o alumnado sexa coñecedor do seu proceso de aprendizaxe, das estratexias que usa e das que lle resultan facilitadoras, do que necesita para mellorar a súa competencia.</li> <li>- Debe ter os mesmos referentes ca o resto do alumnado. É dicir, esa avaliación estará orientada ao que dispoñan os decretos do currículo das distintas ensinanzas para o curso correspondente, agás que se trate de alumnado con altas capacidades intelectuais co currículo adaptado (adaptación curricular).</li> <li>- Os instrumentos de avaliación deben permitir, igual ca no resto do alumnado, expresar todo o potencial de aprendizaxe, polo que serán necesarias tarefas que promovan a creatividade, a imaxinación, o pensamento diverxente, etc.</li> </ul>

- As tarefas desenvoltas para a avaliación deben, en sintonía coas rúbricas dos estándares de aprendizaxe, permitir distintos graos de complexidade e/ ou de afondamento.
- Promover a autoavaliación, onde se contemple a colaboración entre o alumnado e o compromiso coa aprendizaxe do grupo.

#### OUTRAS MEDIDAS

- Se así se considerase necesario, poderíase levar a cabo un programa de enriquecemento curricular.
- Así mesmo, se o caso o demandase, poderíanse realizar adaptacións curriculares ou unha flexibilización da duración do período de escolarización

O seguimento deste tipo de alumnado deberá realizarse nos ámbitos: Equipo docente e familia, Departamento de Orientación.

### 5.7 ALUMNADO SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL

A Síndrome de Down é unha alteración xenética que se produce pola presenza dun cromosoma extra ou unha parte del, no par 21.

A diagnose da síndrome de Down é prenatal ou perinatal, polo que, salvo casos moi excepcionais, o alumnado incorporárase ao centro cun diagnóstico dos servizos sanitarios.

De forma moi similar ao que se explicou en todos os casos dos apartados anteriores, o proceso a seguir á hora da súa escolarización será o que segue:

- a) Realizarase ou actualizarase (cando proceda) a **avaliación psicopedagóxica** por parte do Departamento de Orientación do centro (*ANEXO I*).
- b) O Departamento de Orientación convocará á familia a unha reunión da que se levantará acta e na que se lle informará de todo o relativo á avaliación psicopedagóxica e na que tamén se reflectirá os acordos e a opinión da familia. (*ANEXO II “Convocatoria de reunión” e ANEXO III “acta de reunión”*).
- c) En base a todo o anterior e de selo caso, tendo en conta tamén o informe dos servizos sociofamiliares do Concello, emitirase un ditame de escolarización no cal se indicarán: a proposta motivada de escolarización así como a súa modalidade, a proposta curricular, e a opinión dos pais.
- d) Unha vez derivado o informe psicopedagóxico e o **ditame de escolarización** (*deberán valorarse as propostas das medidas de flexibilización da idade de escolarización que mellor se adapte ás súas circunstancias persoais e expectativas de aprendizaxe e de futuro*), no seu caso o centro garantirá que:
  - O equipo docente, baixo a coordinación da persoa titora, coñecerá o resultado de dito informe en todo o que sexa necesario para a súa función educativa.

- Diseñará as concrecións do currículo necesarias.
- Garantirá os apoios educativos necesarios e os axustes razoables no marco da educación inclusiva, de xeito integral e coordinado a nivel de aula e centro.
- Realizaranse os seguimentos precisos para dar unha resposta integral, flexible e adaptativa ao alumnado.
- No caso de que o alumnado fora suxeito das medidas contempladas no Protocolo interinstitucional de atención temperá, estas serán valoradas para garantir a continuidade do proceso de atención e dos axustes adecuados. No caso de alumnado que non fora suxeito destas medidas pero se considera a aplicación do Protocolo interinstitucional, seguirase o previsto no citado protocolo.

O proceso de escolarización do alumnado coa síndrome de Down deberá asegurar o dereito a unha educación de calidade en condicións de equidade, igualdade e de inclusión, promovendo:

- Haxa certa estabilidade do profesorado que interveña con este alumnado.
- Se potencie a figura do/a titor/a como profesional de referencia para o/a alumno/a e para o intercambio de información e coordinación coa familia e co resto do equipo docente.
- Promover o establecemento de colaboracións con outros profesionais e entidades.
- Informar ao profesorado, por parte da xefatura do Departamento de Orientación, das conclusións da avaliación psicopedagóxica, sobre as necesidades do alumnado nos diferentes ámbitos e das propostas de intervención educativa.
- O alumnado recibirá asesoramento e orientación educativa e vocacional axustados ás súas necesidades.
- Contribuirase a potenciar a súa autoestima, valorando a capacidade de progreso e as metas acadadas.
- Promoverá a participación do alumno/a no grupo nas actividades que se realicen fóra da aula, contribuíndo a evitar posibles situacións de illamento (nese labor é relevante a actuación do profesorado de garda e o persoal de administración e servizos ou outros membros da comunidade educativa, durante recreos, saídas extraescolares, cambios de aula, comedor, transporte, ...)

Tentarase sensibilizar ao profesorado respecto ás medidas de atención á diversidade para este tipo de alumnado, sendo as reflectidas a continuación as propostas dende o Departamento de Orientación:

<b>NO QUE RESPECTA Á AULA</b>
-------------------------------

- |   |
|---|
| - Organizar aulas accesibles para a aprendizaxe e a convivencia da diversidade do |
|---|



alumnado, que teñan en conta os posibles apoios ou adaptacións necesarias.

- Dispoñer de materiais diversos que atendan a diversidade da aula e faciliten a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado.
- Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información mediante frases curtas, de forma clara, con boa pronuncia e asegurándonos de que nos está prestando atención. Verificar sempre que o/a alumno/a entendeu a información que se lle transmitiu.
- É conveniente ter preparado con antelación o material que se vai utilizar e contar con material en abundancia, por se houberse que modificar as actividades que se teñan previstas nun principio.
- Cómpre organizar o material na aula de forma que se atope facilmente, que sexa posible acceder a el con comodidade e que se poida gardar sen problema.

#### **NO QUE RESPECTA AO CURRÍCULO**

- Propiciar situacións de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.
- Os contidos de aprendizaxe presentaranse mediante distintas modalidades sensoriais, con imaxes, gráficos, debuxos, pictogramas ou esquemas, cando sexa viable e/ou necesario, e tendo en conta que a información interiorízana mellor empregando varias vías de acceso: a través da vista, do oído, do tacto e mesmo manipulando obxectos reais sempre que se poida.
- É preciso adaptarse máis ao nivel de comprensión que de expresión. En xeral a súa capacidade de comprensión é superior á de expresión.
- Reforzaranse os bos hábitos (constancia, puntualidade, coidado...) evitando facer xuízos a causa de condutas desaxustadas.
- No deseño de actividades contemplanse os criterios de lectura fácil, ofrecer preguntas con alternativa de resposta, propoñer tarefas de relacionar, sinalar, clasificar...

#### **NO QUE RESPECTA ÁS ACTIVIDADES**

- As tarefas presentaranse secuenciando a información paso a paso, fragmentadas e graduadas segundo a dificultade para unha mellor consolidación da aprendizaxe.
- Polo xeral, é mellor planificar moitas actividades curtas que poucas de longa duración.
- Evitaranse tarefas repetitivas que supoñan a perda de interese e a posible aparición de condutas inapropiadas e que poidan ser interpretadas de forma errónea.

#### **NO QUE RESPECTA Á AVALIACIÓN**

- A avaliación deberá permitir valorar aspectos tales como as axudas e os apoios prestados, os recursos utilizados, a adecuación metodolóxica... e todo aquilo que sexa susceptible de axuste ou mellora, de maneira que non se centre unicamente en resultados finais acadados polo alumnado. Nela estará implicado todo o persoal que atende ao alumnado: profesorado titor, profesorado de área ou materia, profesorado especialista, etc.
- Débese personalizar a avaliación, adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe.
- Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno ou alumna é capaz de facer ou foi adquirindo, por pequeno que sexa, sen centrarse exclusivamente nas súas dificultades.
- Durante as sesións de avaliación, tal e como establece a normativa vixente, deben valorarse as medidas de atención á diversidade que está a recibir o alumnado coa síndrome de Down, valorando se son axeitadas ou se precisan axustes ou melloras para o incremento da súa eficacia. O tipo de agrupamentos, a adecuación de espazos e tempos, a organización de apoios, a idoneidade do material existente, o nivel de coordinación entre os diferentes profesionais que traballan con este alumnado, etc. son aspectos que deben ser considerados neste proceso.
- Na avaliación final deben producirse orientacións para o próximo curso, onde se terán en conta os aspectos instrutivo e formativo, os posibles recursos, a metodoloxía conveniente, etc.

#### **OUTRAS MEDIDAS**

- Non se lles proporcionará axuda naquilo que poidan facer por si mesmos, evitando a sobreprotección. É importante tratar ao alumnado coa síndrome de Down conforme a súa idade cronolóxica (non son eternos nenos/as), marcándolle responsabilidades e sen permitir condutas ou accións que non se lle permitirían ao resto do alumnado.
- Fomentar a responsabilidade e autonomía no desenvolvemento das tarefas, utilizando estratexias de autoaprendizaxe que permitan que os alumnos e as alumnas traballen por si sos na aula, evitando a dependencia excesiva do persoal de apoio ou dos compañeiros. O persoal docente pode facer de mediador, para achegar os coñecementos ao alumno/a, pero sempre buscando que o/a neno/a sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Cómpre coidar a adquisición da lectoescritura, priorizando a funcionalidade, utilizando metodoloxías que apoiem a comprensión e a asociación da palabra co seu significado.

É necesario, e moi importante, construír culturas inclusivas, misión que debe ser compartida por todos os membros da comunidade educativa, evitando todo tipo de barreiras: sociais, físicas, sensoriais, cognitivas, estruturais, comunicativas, curriculares...

## 6. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade organízanse do seguinte xeito:

### 6.1 MEDIDAS ORDINARIAS DE CARÁCTER PREVENTIVO

Este tipo de medidas tentarán garantir un tratamento educativo personalizado, promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferencias.

Estas medidas poden ser:

- a) **Programas de habilidades sociais.** Programas que facilitan ao alumnado un repertorio amplo de habilidades instrumentais, cognitivas e de control emocional que poidan usar para mellorar a calidade das súas relacións sociais e, máis concretamente, para resolver ou prever problemas ou dificultades nas súas relacións cos demais.
- b) **Plan de transición de Primaria á ESO.** Actuacións encamiñadas a facilitar o tránsito do alumnado ao noso instituto.
- c) **Aula de convivencia.** Cuxa función vén reflectida no Plan de Convivencia do centro.
- d) **Protocolo de actuación nos casos de absentismo escolar.** Actuacións encamiñadas a paliar o absentismo escolar e desenvolvido nas Normas de Organización e Funcionamento.

### 6.2 MEDIDAS ORDINARIAS DE CARÁCTER CURRICULAR E/OU ORGANIZATIVO

As medidas ordinarias son todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro.

A finalidade destas medidas é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, interese, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxes para facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas distintas etapas.

Estas medidas son:

- a) **Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, desdobres, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Emprego de espazos axustado ás necesidades.

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non

discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

No Claustro de inicio do curso serán aprobados os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios, así como a comunicación do número de grupos de cada materia.

b) **Adecuación das programacións didácticas. Adaptacións curriculares non significativas.**

Preténdese adaptar as programacións didácticas e as programacións de aula ás diferenzas en competencia curricular, motivación, interese, relación social, estilos e ritmos de aprendizaxe.

Será no mes de setembro cando as/os Xefas/es de departamento concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente.

Así mesmo, unha vez realizada a avaliación inicial do grupo, cada profesor poderá adaptar a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnado en particular, podendo modificar algúns aspectos como: obxectivos e contidos, metodoloxía, actividades e avaliación.

c) **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

Tal e como se indica, esta medida posibilita, para determinado tipo de alumnado, incrementar o tempo na realización dos exames, fragmentar exames ou realízalos oralmente, realizar rexistros de traballo diario, adaptar o exame en función das necesidades detectadas... Un claro exemplo pode ser o alumnado diagnosticado de TDAH ou dislexia.

d) **Reforzo educativo dentro da aula e/ou apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**

Medida que permite atender as dificultades do alumnado nun momento do proceso educativo, para que poida, mediante modificacións nos elementos non prescritivos do currículo, seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

e) **Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Exención 2ª lingua estranxeira).**

Trátase de organizar agrupamentos reducidos de alumnos e alumnas dun mesmo nivel que teñen como finalidade asegurar a adquisición das competencias clave nas materias de lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

f) **Programas específicos personalizados.**

Trátanse de medidas de reforzo educativo para axudar principalmente ao alumnado repetidor a superar as dificultades, incidindo sobre as carencias e favorecendo a adquisición das competencias. Virán reflectidas nas programacións didácticas no apartado de atención á diversidade.

g) **Programas de recuperación de pendentes.**

Programas destinados a recuperar as aprendizaxes non adquiridas. Virán reflectidas nas programacións didácticas no apartado de atención á diversidade.

### 6.3 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

---

Estas medidas van dirixidas a dar resposta ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo e poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Serán medidas extraordinarias

- a) **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica fóra da aula.** Atención directa do profesorado especialista en pedagogía terapéutica co fin de desenvolver o seu currículo individualizado e/ou de dar unha resposta adaptada ás necesidades que presenta o alumnado.
- b) **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica dentro da aula.** Atención directa do profesorado especialista en pedagogía terapéutica co fin de facilitar o seguimento da clase. Este apoio implica adaptación das actividades desenvolvidas na aula e cambios metodolóxicos.
- c) **Agrupamentos flexibles.** Agrupamentos transitorios de alumnado dun mesmo nivel para formar grupos dun máximo de 10 alumnos/as, con prioridade nas materias instrumentais (LCL, LGL e matemáticas), e tamén nas de maior peso conceptual (CSXH, CCNN e Inglés).
- d) **Adaptacións curriculares.** Esta medida modifica os elementos prescritivos do currículo tales como os obxectivos, contidos, competencia, criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados, suprimidos ou ampliados (caso este último de alumnado de altas capacidades).
- e) **Programas de Mellora de Aprendizaxe e do Rendemento.** Nestes programas o alumnado cursará algunhas materias co grupo ordinario, se ben terá unha proposta curricular específica, na que os contidos serán agrupados por ámbitos de coñecemento (ámbito lingüístico e social, ámbito Científico e matemático), e que requirirán, en todo caso, dunha orientación metodolóxica adaptada.
- f) **Derivación a un programa de Formación Profesional Básica.** Medidas educativas específicas, de dous anos de duración, que teñen como finalidade previr o abandono escolar e posibilitan ao alumnado a obtención do título da ESO.
- g) **Atención educativa hospitalaria/domiciliaria.** Atención educativa ao alumnado que por circunstancias diversas presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) **Flexibilización da duración do período de escolarización.** Esta medida consiste na

posibilidade de permanencia excepcional na ESO ata os 19 anos, ou ben na redución dun ano en cada unha das etapas educativas (no caso de alumnado de altas capacidades). Esta medida deberá ser autorizada pola Dirección Xeral).

i) **Grupos de adquisición de lingüas e grupos de adaptación de competencia curricular**

## **7. CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS**

### **7.1 REFORZO EDUCATIVO**

- Enténdese por reforzo educativo, unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos nos prescritivos do currículo, é dicir, a: secuencia de contidos, nivel de dificultades das actividades, agrupamento do alumnado, tempos, metodoloxía, formas e instrumentos de avaliación.
- Son susceptibles de recibir reforzo, aquel alumnado con dificultades de aprendizaxe, desmotivación, falta de atención, escasa autonomía, carecer de base suficiente, lixeiro desnivel curricular...
- Os reforzos teñen o seu desenvolvemento dentro da aula ordinaria e serán realizados polo/a profesor/a da materia, informándose ao Equipo Directivo, profesorado, Departamento de Orientación e á familia mediante o/a titor/a, que recadará información de todo o Equipo Docente.
- Á hora de establecer o alumnado que recibirá reforzo, contará coa identificación das necesidades específicas de reforzo realizado polo profesor/a e coa axuda do departamento de orientación.

### **7.2 APOIO DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

- Enténdese por *apoyo educativo*, unha medida de atención á diversidade que afecta a elementos prescritivos e/ou non do currículo.
- Son susceptibles de recibir apoio educativo aquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe significativo, escasa autonomía, desnivel curricular, ACI... é dicir, alumnado con importantes carencias nas áreas instrumentais básicas, xunto cunha situación de desmotivación, frecuente historia escolar de fracasos e autoconcepto baixo.
- O apoio será realizado polo Profesor/a de Pedagogía Terapéutica do centro, e nos casos nos que sexa necesaria por falta de dispoñibilidade horaria do mesmo, poderá ser levado a cabo por outro profesor/a do centro con dispoñibilidade horaria, podendo ser modificado o seu horario ao longo do curso se existisen condicións excepcionais que así o aconsellasen.

- Á hora de establecer o alumnado que recibirá apoio, ben sexa dentro ou fóra da aula, contará sempre coa petición expresa do profesor/a da área ou materia, que deberá ser informada polo Orientador unha vez elaborado o informe psicopedagóxico, e aprobada pola Dirección do centro.
- Ao contar con un só profesor/a PT, este profesorado apoiará preferentemente nas áreas instrumentais (Galego, Castelán e Matemáticas), dando prioridade aos cursos de 1º e 2º da ESO. Así mesmo darase preferencia ao alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
- Os apoios realizaranse preferentemente dentro da aula ordinaria, pero, no caso de ser necesario prestar unha atención máis personalizada, poderá realizarse fóra, previo informe psicopedagóxico elaborado polo Departamento de Orientación co fin de axustar a resposta pedagóxica que necesite. Neste último caso deberase contar coa conformidade da familia do alumno/a.
- No caso de que o alumnado reciba apoio fóra da aula, tentarase cubrir, preferentemente, a totalidade das horas da materia, sendo o profesorado PT o encargado de ir a buscar ao alumnado á aula de referencia e acompañalo á aula de apoio.
- A coordinación entre o profesorado e o profesorado PT deberá ser o máis continua e intensa posible: trazando estratexias de actuación conxunta, buscando e elaborando recursos e materiais didácticos precisos e tomando as decisións de avaliación e promoción, avaliando e informando ás familias.

### **7.3 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES**

---

- Á hora de establecer o alumnado que irá ao agrupamento son fundamentais, por un lado a avaliación inicial, e por outro a información sistematizada sobre as carencias que presenta o alumnado tanto conceptuais como estratexias de traballo. Para tal fin, elaborárase unha ficha coas dificultades que presenta o alumno susceptible de ir ao agrupamento así como das medidas previstas para palialas. Será tamén necesario que o alumnado proposto manifieste motivación por mellorar na área ou materia da que se trate.
- Nunca poderán ser os problemas disciplinarios un criterio para incluír a un/unha alumno/a nun agrupamento.
- Primaranse os agrupamentos nas áreas instrumentais, non debendo ser dito agrupamento superior a un terzo do total do grupo ordinario.

### **7.4 PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO**

---

- Para poder acceder a estes programas o alumnado proposto deberá ter dificultades relevantes de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas

resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas, existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

- O número de alumnos/as propostos/as non será superior a 10 e inferior 5.
- Para acceder a un PMAR de 2º curso da ESO e que terá a súa continuación nun PMAR de 3º, o alumnado deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:
  - ✓ Ter cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria, e non estar en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO.
  - ✓ Cursar por segunda vez o primeiro curso da ESO e non estar en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO
- Para acceder a un PMAR de 3º curso da ESO, o alumnado deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:
  - ✓ Ter cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non estar en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO.
  - ✓ Ter cursado 2º PMAR nun programa de dous cursos.
  - ✓ Ter cursado por segunda vez o segundo curso da ESO, e non estar en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO.
  - ✓ Con carácter excepcional, alumnado que teña cursado por primeira vez o terceiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa.

## **7.5 FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA**

---

- Será necesaria a proposta do equipo docente para a incorporación ao programa.
- O alumnado proposto deberá cumprir os seguintes criterios:
  - ✓ Ter 15 anos ou cumprilos dentro do ano natural no que se fai a proposta, e non superar os 17 dentro do ano en que se inician os estudos.
  - ✓ Ter cursado 3º de ESO ou, excepcionalmente, 2º.
  - ✓ Ser propostos polos respectivos equipos docentes porque valoran que está en claro risco de non acadar o título de Graduado en Educación Secundaria, e ter a conformidade da familia.

## **7.6 EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA**

---

- Aquel alumnado que reciba reforzo e/ou apoio poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira (Francés).



- Será necesario a elaboración dun informe do profesorado titor no que se fará explícito o motivo da exención e a necesidade de recibir reforzo educativo nos aspectos nos que se detectasen as dificultades.

### **7.7 ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA E/OU HOSPITALARIA**

---

- Será destinatario desta atención o alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescripción médica, por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. En todos os casos se contará co preceptivo informe médico.
- A atención educativa domiciliaria axustarase a un programa individualizado no que se farán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporización e revisión periódica que garantan a adecuación ás circunstancias do alumnado. Será o profesorado da atención educativa domiciliaria o que elaborará o programa individualizado, o cal contará co apoio do profesorado especialista que atende o alumno ou a alumna no centro docente e establecerá as condicións de recuperación dos elementos curriculares que, por calquera razón, non poidan ser abordados de xeito efectivo mediante a atención domiciliaria.
- Con carácter xeral, o profesorado nomeado especificamente para a atención educativa domiciliaria dependerá organicamente dos centros públicos específicos de educación de persoas adultas, dos institutos de educación secundaria autorizados para impartir ensinanzas de persoas adultas ou, de ser o caso, do centro público que designe a xefatura territorial correspondente. Non obstante, de acordo co establecido na Orde do 27 de decembro de 2002 sobre criterios e condicións de escolarización en centros sostidos con fondos públicos, con carácter temporal, poderase proporcionar esa atención a través dun profesor ou dunha profesora do centro docente ao que pertenza o alumno ou a alumna, preferentemente o seu titor ou titora, se a súa participación ten carácter voluntario e non implica o incremento do persoal do centro.
- O profesorado de atención educativa domiciliaria do alumnado de educación secundaria desenvolverá o currículo mediante a agrupación de materias en ámbitos: comunicación, científico-tecnolóxico, sociedade.
- O profesorado que realice a atención educativa domiciliaria informará ao centro docente da alumna ou do alumno do desenvolvemento desta atención, de acordo co establecido na

temporalización do programa individualizado. En calquera caso, elaborará, como mínimo, un informe mensual e/ou previo a cada avaliación. Cando a devandita atención educativa domiciliaria remate, o profesorado que a realizou entregalle ao centro docente un informe final.

- O profesorado da atención educativa domiciliaria facilitaralles ás familias a información sobre o proceso educativo dos seus fillos ou fillas, potenciando a súa implicación e colaboración, na medida das súas posibilidades. Así mesmo, deberá cubrir unha folla de rexistro semanal de incidencias.
- A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, *serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro no que está matriculado*, segundo o establecido na normativa xeral da etapa correspondente.
- Cando a situación de convalecencia do alumno ou da alumna se prolongue no tempo máis alá dun curso académico, estudarase a aplicación doutras medidas extraordinarias de atención á diversidade establecidas con carácter xeral, como pode ser a flexibilización do período de escolarización.

## **8. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

### **8.1 REFORZO EDUCATIVO**

- Xa sexa ao inicio de curso ou ao longo do mesmo, o profesorado da materia na que o alumando sexa proposto para recibir reforzo realizará a proposta coa axuda do departamento de Orientación , mediante un informe das dificultades detectadas así como as medidas de reforzo que se levarán a cabo dentro da aula.
- Unha vez elaborado o informe, informarase ao Equipo Directivo, ao resto do profesorado do grupo e á familia.

### **8.2 APOIO DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

- Nas avaliacións finais ordinarias e extraordinarias de cada ano escolar a xunta de avaliación proporá ao alumnado susceptible de recibir apoio e reforzo educativo dentro da aula por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica quedando reflectido nun *informe que elaborará o profesorado titor*, e no caso de alumnado de nova incorporación, serán os tutores/as do centro de primaria, quen mediante informe fagan a recomendación da medida.
- O Departamento de Orientación realizará a *proposta e informará á familia*.

- O Departamento de Orientación coordinará, en colaboración co profesorado de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando á xefatura de estudos, a proposta de organización para este alumnado.
- Os horarios de atención de pedagogía terapéutica dependerán dos diferentes horarios de grupos, dispoñibilidade do profesor, e dos casos de actuación etc. Nas primeiras semanas do curso iran axustándose e poderanse modificar segundo varíen as circunstancias dos alumnos e do centro ao longo do curso escolar. A primeira revisión terá lugar na avaliación inicial.
- Terá sempre prioridade o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.

### 8.3 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

---

- Esta medida partirá sempre dunha proposta razoada do equipo de profesores/as do grupo ao que pertence o alumnado, expresado mediante *un informe do profesor/a titor/a*.
- Unha vez *informada a familia mediante o documento pertinente*, a decisión de incorporación será tomada pola comisión formada pola Xefa de Estudos, o Orientador e os titores/as do alumnado proposto, quedando reflectido todo nunha acta.
- Será necesario neste caso a elaboración de *programacións didácticas adaptadas* por parte dos responsables dos departamentos didácticos. Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no Proxecto Curricular do centro e, cando sexa preciso, dos obxectivos e contidos do 3º ciclo de educación primaria. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos.
- Finalmente, *a proposta será enviada por parte da Dirección á Inspección Educativa* para a súa autorización. Esta proposta incluírá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargarse da docencia, as áreas nas que se van constituir agrupamentos específicos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas.

### 8.4 ADAPTACIÓN CURRICULARES INDIVIDUAIS

---

- Solicitarase por parte do equipo docente ou por algún dos seus membros a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Reunidos a Xefatura de Estudos, Orientador, o profesorado que imparten as materias obxecto de adaptación, levantarase acta e decidirase a pertinencia da adaptación curricular.
- Información á familia por parte do profesorado titor ou do Orientador do centro.
- Elaboraranse as diferentes adaptacións por parte do profesor/a que imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico e contando sempre co asesoramento do Departamento de Orientación.

- Finalmente solicitarase autorización á Inspeccións Educativa por parte da Dirección do centro.

## 8.5 PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

---

- Unha vez realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente realizará a proposta do alumnado susceptible de incorporarse ao programa, sendo o titor/a quen realizará un *informe individualizado que trasladará á xefatura de estudos* no que se fará constar: a competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos cales o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integre nun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
- A xefatura do Departamento de Orientación realizará unha *avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente* para incorporar ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Nesta avaliación faranse constar as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores/as legais de cada alumno e alumna, para lles formular a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. (*Deixarase constancia escrita da opinión dos pais a cerca da proposta formulada*).
- Finalmente unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha *proposta ao/á director/a sobre a incorporación* ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
- A Dirección do centro *elevantará a proposta ao servizo de Inspección Educativa* para a autorización expresa para o desenvolvemento do programa.

## 8.6 DERIVACIÓN A UN PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

---

- Na sesión ordinaria ou extraordinaria, o equipo docente e o departamento de orientación decidirán o alumnado susceptible de ser proposto, elaborando unha *acta na que deberá asinar todos/as a proposta formulada*.
- Reflectirase dita proposta no *Consello Orientador do alumnado* proposto que será asinado polo profesor/a titor/a, o Orientador e a Dirección.
- O Orientador comunicará á familia a proposta, achegándolles unha copia do Consello Orientador e o *documento de consentimento* (Anexo III, Orde 13 de xullo de 2015) que deberá ser asinado por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais.

- Unha vez obtido o consentimento, a dirección do centro entregará ás familias o *documento de incorporación á FPB* (Anexo IV, Orde 13 de xullo de 2015).

## 8.7 EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

---

- Mediante o *“Informe – Proposta do/a titor/a e do Departamento de Orientación”*, e unha vez realizada a avaliación extraordinaria, o/a Titor/a en colaboración co Departamento de Orientación, realizará un informe individualizado que trasladará á Dirección do centro e no que se fará constar o motivo da medida adoptada. No caso de alumnado procedente do centro de primaria, este informe será elaborado polo profesorado titor de 6º.
- Convocarase á familia do alumnado proposto (*“Convocatoria de reunión”*) para informalos de todo o relativo á proposta, deixando constancia escrita da súa opinión (*“Opinión dos pais ou tutores legais do/a alumno/a”*).
- Será finalmente a Dirección do IES Cabo Ortegal quen decida e autorice a proposta de exención en base aos anexos anteriormente mencionados. Quedará constancia de dita resolución mediante o *“Resolución do Director do IES Cabo Ortegal a cerca da exención do alumnado proposto”*.
- Finalmente, e no caso de que a exención sexa concedida, o alumnado exento recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, recibindo, como norma xeral, unha hora de reforzo lingüístico e unha hora de reforzo matemático.
- Así mesmo, todo aquel alumnado proposto para exención de 2ª lingua estranxeira, e en visos de que poida mellorar aínda máis nas dificultades detectadas, será proposto para cursar como materia de Libre Configuración un reforzo e/ou afondamento lingüístico. A opinión da familia quedará reflectida no *“Autorización das familias para recibir afondamento e/ou reforzo lingüístico na materia de Libre Configuración (1º ou 2º da ESO)”*.

## 8.8 ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA E/OU HOSPITALARIA

---

- *Solicitud* da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado á dirección do centro docente (ANEXO 1), acompañada do correspondente *informe dos servizos médicos* (ANEXO 2), no que debe constar, entre outros aspectos, a previsión aproximada do tempo no que a alumna ou o alumno deberá convalecer no domicilio e o tempo da revisión desa previsión, así como, cando sexa posible, a conveniencia ou non de continuar o proceso formativo no domicilio durante a convalecencia.
- *Elaboración dun informe polo profesorado titor* (ANEXO 3), no que consten, cando menos, os resultados das avaliacións parciais da alumna ou do alumno, a aplicación, se é o caso, doutras medidas de atención á diversidade e calquera outra información relevante do seu

proceso de ensino e aprendizaxe. No caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo xuntarase un informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do departamento de orientación.

- *Traslado á xefatura territorial correspondente* (ANEXO 4) dos documentos referidos nos apartados anteriores por parte da dirección do centro docente nun prazo máximo de cinco días lectivos desde a recepción da solicitude. De xeito paralelo, darase traslado á inspección educativa correspondente dunha copia destes documentos. Esta documentación adiantarase á Xefatura Territorial por medios telemáticos.
- *A resolución sobre a solicitude* de atención educativa domiciliaria correspóndelle á xefatura territorial, tras o informe do Servizo de Inspección Educativa. Esa resolución, que concretará a asignación horaria, a duración desa atención e as condicións para a súa continuidade, comunicaráse ao centro docente nun prazo máximo de cinco días hábiles desde a recepción da solicitude. O centro docente dará traslado inmediato desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.

## **8.9 FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN**

---

- O equipo docente realizará unha proposta razoada mediante un informe do profesor/a titor/a.
- O Orientador emitirá un informe no que se reflectirán as conclusións do informe psicopedagóxico, e emitirase a proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas, e de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.
- Informase á familia e ao alumno/a, que darán conformidade.
- Realizase a proposta de adaptación curricular segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996.
- Finalmente a Dirección remitirá á Dirección Xeral de Educación toda a documentación para a autorización da fragmentación.

## **9. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS IMPLICADOS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As actuacións previstas e desenvolvidas anteriormente pretenden ofrecer a cada alumno e alumna a resposta que precisa segundo as necesidades que presenta, neste aspecto o obxectivo de todo o equipo educativo debe ser común, e cabe sinalar neste apartado e en relación directa coa diversidade do alumnado presente nas nosas aulas as funcións de cada profesional:

### **9.1 PROFESORADO TITOR E PROFESORADO DA AULA ORDINARIA**

O profesorado de aula é o que ten ao alumnado na aula, e polo tanto, o responsable de axudarlle a que acade os obxectivos establecidos con carácter xeral e responsable tamén de potenciar as súas capacidades. Entre as súas funcións destacamos:

- Elaborar a súa Programación de aula tendo en conta as características xerais e individuais do seu alumnado.
- Participar con todo o equipo de profesores na resposta á diversidade.
- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado e de dar resposta concreta ás necesidades identificadas.
- Coordinar co xefe do Departamento de Orientación a intervención educativa do alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.
- Controlar o seguimento do Plan de Acción Titorial e as súas respectivas actividades, en colaboración coa Xefatura do Departamento de Orientación.

Cada profesor-titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, as seguintes funcións con respecto á diversidade:

- Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Coordinar as adaptacións curriculares do alumnado do seu grupo.
- Informar ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos e coordinar o axuste de programas, especialmente no referente as respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.

## 9.2 PROFESORADO DE REFORZO EDUCATIVO

---

Referímonos neste caso ao profesorado que leva a cabo o reforzo educativo dentro da aula en horario lectivo, incluíndo o profesorado de agrupamentos flexibles. As súas funcións serán as seguintes:

- Valoración inicial dos casos remitidos tendo en conta o nivel da clase e o dos alumnos/a en particular.
- Concreción da programación da aula en función das necesidades individuais.
- Atención especial nas áreas instrumentais.
- Elaboración trimestral dun informe individualizado.
- Traballo coordinado co profesor/a de área.

## 9.3 PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

---

O profesorado de apoio terá como función principais:

- Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando proceda, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- Colaborar, xunto coa xefa do Departamento de Orientación e o titor/a, na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares significativas (ACS), e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que esta integrado.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Atender ao alumnado que presenta dificultades xeneralizadas de aprendizaxe: as súas funcións céntranse tanto nos documentos individuais de Adaptacións curriculares, así como no alumnado que debido ás necesidades específicas de apoio educativo detectadas, poida precisar de atención específica individual e de programas individualizados por parte do profesorado especialista no campo da Pedagogía Terapéutica.

O alumnado ao que vai dirixida a atención deste profesorado terá as seguintes consideracións:

- En primeiro lugar, o que, contando co correspondente informe psicopedagóxico, conten cunha Adaptación Curricular (AC).
- En segundo lugar, poderase beneficiar deste tipo de medidas de apoio o alumnado que, contando co oportuno informe psicopedagóxico, precisen de Reforzo educativo (RE).



- No caso do alumnado que non posúa o citado informe, poderáselles ofertar a atención a que se está a facer referencia no caso de ter que traballar cos mesmos aspectos moi concretos que, debido ás súas características, non poden ser desenvolto polo profesorado ordinario e/ou precisan dunha atención mais individualizada que a recibida polo resto do alumnado.
- A decisión de que un/unha alumno/a sexa atendido/a por parte do profesorado de PT será tomada de forma conxunta polo profesorado que atende ao alumno/a en cuestión, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos do centro, baseándose nas orientacións do informe psicopedagóxico. Terá prioridade a atención dos cursos inferiores comezando polo primeiro curso da educación secundaria obrigatoria.
- A primeira prioridade será o grao de axuda necesario para atender as necesidades presentadas polo/a alumno/a.
- Terá tamén prioridade o apoio nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas) sobre o resto das materias.

O seu horario será flexible en función das posibles variacións que ao longo dun curso escolar puidesen xurdir.

As materias de atención prioritaria serán:

- Lingua castelá e Literatura.
- Lingua galega e Literatura.
- Matemáticas.

No extremos contrario, sitúanse as materias consideradas de integración debido ás características que presentan, sendo:

- Educación Física.
- Educación Plástica e Visual.
- Música.
- Ensinanzas de Relixión ou Valores Éticos.

#### **9.4 O ORIENTADOR**

---

Será a figura fundamental no desenvolvemento das diferentes medidas de atención á diversidade, tendo como principais funcións:

- Participar na avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que o precise, así como realizar o informe psicopedagóxico no que se recolla, analice e valore a información recollida no proceso de avaliación psicopedagóxica (*Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas non necesidades educativas especiais*).

- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, elevando á xefatura de estudos, cando sexa necesario, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Elaboración do Plan de Atención a Diversidade.
- Coordinar as medidas de atención á diversidade e axentes implicados nas distintas etapas.
- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación académica a través do PAT.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Colaborar co profesorado na toma de decisións da promoción final de ciclo/etapa.
- Manter comunicación cos equipos de orientación específicos para os casos que así o requiran.

## 9.5 O EQUIPO DIRECTIVO

---

Recaendo principalmente as función na Xefatura de Estudos e na Dirección do centro, desenvolverán as seguintes función en relación á atención á diversidade:

- Revisión e aprobación deste plan, así como organizar os tempos necesarios para a súa aplicación.
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materiais dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.
- Velar polo cumprimento de todas as actuacións establecidas neste Plan.

## 10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

---

Os mecanismos de coordinación e colaboración van relacionados coa estrutura organizativa e funcional do centro, garantindo estes a resposta ás necesidades do alumnado.

Esta estrutura, que debe estar en continua interacción e que facilitará un correcto funcionamento do noso IES, comprende: Departamento de Orientación, Profesorado titor, Profesorado, Equipo Directivo, Claustro, CCP, Consello Escolar, Observatorio de Convivencia, Familias, Alumnado,

Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específica, Servizos Sociais e outras Institucións.

## 10.1 COLABORACIÓN E COORDINACIÓN INTERNAS

---

As colaboracións e coordinacións internas levaranse a cabo mediante as seguintes actuacións:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións dos diferentes Departamentos Didácticos.
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función de necesidades concretas. Permitirán analizar os resultados e os informes pertinentes para poder propoñer as diferentes medidas de atención á diversidade para o curso seguinte.
- Intercambio de información e a coordinación entre os profesionais que atenden ao alumnado con NEE, dentro e fóra do centro educativo.
- Reunións, apoio e contacto fluído do profesorado titor co Departamento de Orientación.
- Intercambio de información coas familias e as actuacións vinculadas a esta tarefa.

## 10.2 COLABORACIÓN E COORDINACIÓN CO CENTRO ADSCRITO, CON OUTRAS INSTITUCIÓN, FAMILIAS E EOE

---

Neste ámbito, cabe destacar as seguintes actuacións:

- Contacto continuo da dirección do IES co centro de Primaria adscrito (CEIP Manuel Fraga Iribarne), o cal facilita o fluxo de información sobre: admisión de alumnado, matrícula, incorporación de novo alumnado...
- Reunións periódicas co Orientador/a do centro adscrito que permitan: propoñer actuacións conxuntas a realizar, facilitar o intercambio de alumnado con ACNEE, compartir recursos
- Reunións co Equipo Directivo, Orientador/a e profesorado titor de 6º de primaria ao finalizar o curso e que facilite: unha correcta transición e adaptación do alumnado de nova incorporación a 1º curso da ESO, determinar o procedemento para a exención da segunda lingua estranxeira.
- Xornada de acollida ao alumnado procedente de sexto de primaria, coa finalidade de que coñezan o centro e os principais cambios académicos na súa nova etapa da Educación Secundaria.
- Xornada de acollida aos pais/nais – titores/as legais do alumnado de nova incorporación que permitan coñecer de primeira man o Equipo Directivo, Orientador e profesorado titor, así como todas aquelas cuestións organizativas que poidan supoñer un cambio nesta nova etapa.

- Xornada de acollida dos novos titores coas familias para recordar os aspectos máis destacados do día a día no centro: xustificación de faltas, normas de organización e funcionamento, normas de convivencia...
- A colaboración co Equipo de Orientación Específica resultará fundamental á hora de solicitar información sobre recursos e materiais para responder ás necesidades educativas especiais, colaborar nas avaliacións psicopedagóxicas, asesorar e apoiar ao Departamento de Orientación, revisar o ditame de escolarización, e contribuír á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais.

## **11. CANLE DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORAS/ES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

É necesario que existan unas vías fluídas, tanto internas como externas, de información e comunicación entre os distintos ámbitos e niveis e que permitan proporcionar unha axeita resposta á diversidade

- Moitos destes canles de comunicación xa veñen reflectidos nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro, e resúmense nas seguintes:
  - Reunión inicial (primeira semana de outubro) para dar información ás familias sobre o comezo do novo curso.
  - Contacto das familias co profesorado a través de cita previa na hora de atención a pais e nais.
  - Os pais e nais terán información cando teña lugar algunha circunstancia salientable que afecte á educación do/da seu/súa fillo/a e trimestralmente a través do boletín de notas.
  - En todas aqueles momentos concretos que requiran a súa conformidade serán convocadas as familias para ser informadas e poidan dar, de selo caso, a súa autorización.
  - Coordinación entre os profesionais que atenden ao alumnado con necesidades educativas.
- No que respecta á intervención colaborativa cos Servizos Sociais da localidade, destácase o contacto periódico e fluído, principalmente coa educadora familiar, xa que a través deles o centro conecta coas problemáticas individuais do alumnado, controla a súa asistencia, establece pautas de intervención conxuntas, etc. Neste punto cabe destacar que este servizo soamente coincide cun trimestre do curso escolar.

- Así mesmo, a colaboración cos Servizos Sanitarios lévase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas.
- Colaboración do Departamento de Orientación co Equipo de Orientación Específica de A Coruña, así como nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación.
- Colaboración do Departamento de Orientación e o Equipo Directivo co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da XD.

## 12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

---

A avaliación do Plan farase a dous niveis:

1. Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
2. Avaliación do Plan. Anual, cuxo principal obxectivo será a de analizar a adecuación deste á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado, recursos humanos, materiais, organización e adecuación das medidas ordinarias e extraordinarias previstos para o curso seguinte.

Os aspectos a valorar serán os seguintes:

- ✓ Valoración de aspectos relacionados co proceso de elaboración do PAD:
  - Organización do proceso: funcionamento e coordinación dende a proposta de elaboración do PAD, a organización na CCP, nos ciclos, e a devolución da información.
  - Procedemento e instrumentos para a análise da realidade do centro e das necesidades do alumnado.
  - Criterios para garantir a adecuación entre as necesidades detectadas, os obxectivos formulados e as medidas previstas.
  - Criterios de selección do alumnado para as distintas medidas.
  - En que grao serviu o Plan de Atención á diversidade para facer explícitas todas as medidas de atención á diversidade do centro, tanto as ordinarias coma as extraordinarias, para implicar a todo o profesorado na súa planificación e desenvolvemento?
- ✓ Valoración de aspectos relacionados co desenvolvemento do PAD.

- Grao de consecución dos obxectivos formulados.
- Organización de recursos.
- Sobre cada unha das medidas programadas: Grao de aplicación - Adecuación ás necesidades que se propoñía atender - Grao de consecución dos obxectivos propostos - Grao de coordinación/participación dos distintos profesionais implicados - Grao de satisfacción dos profesionais que interviñeron no seu desenvolvemento - Grao de satisfacción do alumnado, atendido por medidas extraordinarias, e das familias - Dificultades atopadas.
- ✓ Valoración dos resultados:
  - Con respecto aos alumnos: tanto no seu desenvolvemento en todas as capacidades e no ámbito da convivencia.
  - Con respecto ao centro: no ámbito do traballo en equipo, na atención individualizada como factor de calidade educativa.
- ✓ Propostas de mellora:
  - Proceso de elaboración.
  - No desenvolvemento.
  - No proceso de avaliación.